



## PROGRAMA DE ACTIVIDADES DO PROXECTO ECOSFERA, PRIMEIRO SEMESTRE DE 2019

O Proxecto Ecosfera nace coma un programa de educación ambiental do Concello de Santiago de Compostela de carácter itinerante, é dicir, o equipo de educadoras ambientais que o conforman trasladarán as actividades a diferentes lugares, alí onde se soliciten.

O programa realizará actividades de educación ambiental dirixidas aos centros escolares, con obradoiros e dinámicas adaptadas a cada ciclo educativo e nas que se traballarán diferentes temáticas ambientais: o lixo, a auga, os límites da biosfera, a biodiversidade local, o impacto no uso dos aparellos electrónicos, a cultura do consumo, etc.

O proxecto Ecosfera complétase cunha serie de accións dirixidas á público adulto e familiar que, nesta ocasión, estarán canalizadas a través da rede de centros socioculturais do Concello de Santiago. A programación prevista é a seguinte:

### **SÁBADO 2 DE FEBREIRO: Saída guiada ata a Lagoa de Cornes. 11 h. CSC de Conxo**

Coa idea de celebrar o “Día Mundial dos Humidais” o Proxecto Ecosfera realizará unha saída desde o CSC de Conxo ata a lagoa de Cornes, dirixida a mostrar a importancia e poñer en valor os espazos naturais húmidos e os hábitats de ribeira.

Número máximo de persoas: 25.

Para anotarse: [proxectoecosfera@gmail.com](mailto:proxectoecosfera@gmail.com). ASUNTO: Actividade 2 febreiro.

### **MÉRCORES 20 DE FEBREIRO: Obradoiro de Lectura de Etiquetas. 18.30 h. CSC de Vite**

Sabemos o que comemos? De onde vén o que compramos? Por que hai tanta letra nas etiquetas dos produtos?...

Neste obradoiro daremos resposta a estas e outras preguntas e mostraremos alternativas para un consumo máis responsable, no que as persoas e o noso medio ambiente estean no centro.

Número máximo de persoas: 20.

Para anotarse: [proxectoecosfera@gmail.com](mailto:proxectoecosfera@gmail.com). ASUNTO: Actividade 20 febreiro.



**XOVES 21 DE MARZO: Charla: “Despois do lume”. 19 h. CSC de Vite**

Os lumes son un problema que cada ano temos máis presente, por cercanía, gravidade e impacto. Por que hai tantos lumes en Galicia? Que podemos facer para previlos? E, sobre todo, que podo facer despois do lume? Son as preguntas que se responderán nesta charla na que se mostrará que as medidas de prevención son de suma relevancia para que o impacto dos lumes sexa o menor posible.

Número limitado de asistentes.

Para anotarse:proxectoecosfera@gmail.com. ASUNTO: Actividade 21 de marzo.

**MARTES 9 DE ABRIL: Obradoiro de Compostaxe. 19 h. CSC Vite**

A través dunha sinxela dinámica descubriremos que facer compost é doado e ten recompensa!

Nesta sesión daremos a ver a importancia e beneficios da compostaxe, coñeceremos o proceso e consellos e recomendacións para que sexa todo un éxito. Reducir residuos, sempre é unha boa idea.

Número máximo de persoas: 20.

Para anotarse:proxectoecosfera@gmail.com. ASUNTO: Actividade 9 de abril.

**XOVES 9 DE MAIO: Obradoiro de Xoguetes con Refugallos. 18.30 h. CSC Vite.**

Integrado dentro dunha actividade de “patio divertido” do CSC Vite, este obradoiro dará a ver como se lle pode dar unha nova vida a moitos dos refugallos que xeramos na casa e, á vez, contar con xoguetes do máis orixinal e divertido.

Número máximo de persoas: 20 (nenas e nenos acompañados de persoas adultas)

Para anotarse:proxectoecosfera@gmail.com. ASUNTO: Actividade 9 de maio.

**XOVES 9,16, E 23 DE MAIO: Obradoiro de Fotografía e Paisaxes Urbanas. 19 h. CSC Conxo**

Durante tres sesións de entre 1.5 e 2 horas de duración, investigaremos sobre fotografía e achegarémonos ás paisaxes urbanas, ao noso medio ambiente máis próximo.

Construiremos a nosa propia cámara con material de refugallo e fotografaremos aquilo que máis nos interese mostrar. Despois *laremos* entre todos e todas as nosas imaxes e analizaremos que se esconde detrás delas.

Número máximo de persoas: 15.

Para anotarse:proxectoecosfera@gmail.com. ASUNTO: Actividade de fotografía.



**VENRES 31 DE MAIO: Obradoiro de Xoguetes con Refugallos. 18.00 h. CSC Conxo.**

Con este obradoiro, as familias aprenderemos a darlle unha nova vida a moitos dos refugallos que xeramos na casa e, á vez, contar con xoguetes do máis orixinal e divertido.

Número máximo de persoas: 20 (nenas e nenos acompañados de persoas adultas)

Para anotarse: [proxectoecosfera@gmail.com](mailto:proxectoecosfera@gmail.com). ASUNTO: Actividade 9 de maio.

